

O BNG de Ponteareas pide a dimisión do Concelleiro de Educación

Páxina 4

Nova ludoteca no parque da Curuxeira

Páxina 5

Os Ranchos de Reis recuperan a tradición popular

Páxina 7

Mondariz Balneario acolle 200 refuxiados

Páxina 8

Restauración da ponte medieval de Noceifas na Cañiza

Páxina 9

Rehabilitado o Templete de San Luís

Páxina 12

Mos contra a nova A-52

Páxina 14

Salceda aproba o seu III Plan de Igualdade

Páxina 15

19 centros educativos seguirán co modelo Ponte nas...Ondas!

Páxina 16



O Concello de Ponteareas sae á rúa reclamando solucións para a N-120

Páxina 3



Entrevista

Juan Carlos González Carrera
Primeiro Tenente de Alcaldesa (ACiP)

“Con 21M€, este orzamento é o segundo máis alto da historia de Ponteareas”

Páxina 6

DEL 16 de ENERO al 15 DE MARZO de 2025

Rebajas

Hasta **55%** Dio.

pikolin LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics Concha Brey, 4 PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

Star days
Siempre pensamos en ti

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Ano de Franco, Ano de Castelao

Obviamente nada teñen que ver un co outro pero coincide que demos (deron) en dedicarlle este ano 2025 a estes dous personaxes da nosa recente historia: a estatal e a nacionalista galega.

Respecto do primeiro personaxe dicir que as autoridades deste País chamado España terían que implicarse en dar coñecer aos dous personaxes encadrados nos seus respectivos ámbitos porque os dous foron importantes na política dos últimos tempos: Castelao por ter sido o referente máis nidio da Galicia do último século e Franco por ter sido a figura máis denigrante que a historia recente nos ten ofrecido.

Nesta ocasión non vou meterme con Castelao. Xa haberá tempo de abondo ao longo de todo o ano para falar del; hoxe quero centrarme na ignorancia vencible que arrodea ao personaxe Francisco Franco.

O primeiro que se me ocorre e preguntarme e preguntar a quen queira que sexa responsable de por qué levamos máis de 40 anos sen informar aos cidadáns que xa daquela vestían pantalón longo e a todos os que viñeron despois que tiña pasado neste País dende os tempos de Alfonso XIII, polo menos? E digo dende esa data porque as cousas da Historia non se producen nun día nin nun pequeno espazo de tempo; precisan ser analizadas dentro dun espazo máis amplo, poñamos por caso dentro dun século.

Pregúntome por qué os Plans de estudos posteriores ao remate da Guerra Civil, mellor do Alzamento contra o Goberno lexitimo, non explicaron esa parte da nosa historia tan determinante para o noso futuro? Esas que hoxe din nada saber de canto aconteceu nin de quen foron os



responsables. Pensemos que nestes momentos temos a fronte da Xefatura do Estado un descendente directo daquel monarca que dixera, polo visto, que non quería enfrontamento duns españois contra os outros e subíndose a un barco en Cartaxena colleu rumbo a un dourado destino no que puidera disfrutar de canto lle roubara aos españois. Así vemos como dende aquela, e xa choveu, os borbóns seguen disfrutando e vivindo como "reis" a costa do erario público. Aí están os Papeis de Panamá para certificalo.

Aquel rei foise ao exilio dourado e chegou a República que, como todas as cousas feitas a correr, non foi quen de asentarse dunha maneira definitiva para endereitar o País. O Rei foise pero os monárquicos, mellor os grupos de Poder conservador que o sostiñan, non se foron. Aquí quedaron e aquí seguen.

Non imos darlles a lata nomeando aos personaxes responsables do fracaso da Re-

pública, que os houbo. O que pretendemos dicir é por qué nos centros de educación dende aquelas datas e sobre todo dende que nos deron esa sacrosanta Constitución actual non se puxeron en marcha unhas novas Misións Pedagóxicas que tan bo resultado estaban dando antes durante a República? Por qué hoxe os nosos fillos e netos non teñen puñetera idea de quen foron os responsables de que neste País non puidera brotar e crecer un sistema de goberno coma o que xa existía noutros países da contorna?

Eu que me dediquei 40 anos ao ensino podoo "presumir" que nos últimos 20 anos que me tocou enfrontarme aos rapaces e rapazas de entre 12 e 15 anos tratei de que soberan, polo menos, cal era a composición dos Poderes públicos (Parlamento, Senado, xefatura do Estado, Goberno, etc.). Como tiñan que enfrontarse a un xornal para entender por que daban a mesma noticia de maneira diferente e

con valores distintos segundo fose o xornal. De quen manexaba a barca dos distintos periódicos que podían atoparse nos quioscos e aínda no propio colexio, aínda que fora, como fun, "denunciado" por, dicían, facer política na aula.

Cando falaba destes temas cos meus colegas a resposta era sempre a mesma: non quero ser denunciado polos pais e nais porque non teño quen me defenda. E, vive Deus, que era e segue sendo certo. Pero tamén é certo que un educador non pode renunciar a súa obriga moral de abri-lle os ollos aos que, polas razóns que aquí sería longo de explicar, están sumidos nunha ignorancia non culpable. E non só iso, están expostos a que grupos organizados politicamente que todos coñecemos lles metan nos miolos ideas que os confunden e os levan a erguer bandeiras sen decatarse da carga perigosa que levan nos seus mastros.

Hoxe corre un vento venenoso ao longo e ancho deste mundo mundial. Xa no se trata deste ou daquel País que se volveu perigoso para a democracia. Xa se trata dunha corrente tan forte que está inundando e contaminando a poboación de todos os continentes.

O goberno actual está tentando dar a coñecer que foi o que pasou. Faino tan diplomáticamente que moito me temo lle saia o tiro pola culata. Tiña que ir á raíz do mal. Tiña que revolucionar os libros de texto e o material que se ofrece nos centros para que os estudantes de todos os niveis se enchouparan de recente historia. Ben contada, honestamente contada, obviamente. Sen represalias nin mentiras pero contada.

Como dicía Tip e Coll "no próximo día falaremos do goberno".

Sexan felices, páseno ben.

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

O Concello sae á rúa reclamando solucións para a N-120

Tódolos representantes políticos da Corporación Municipal de Ponteareas (PP, ACiP, BNG, PSdeG-PSOE, PeC e IP) saíron as rúas diante do Concello este 11 de xaneiro para repartir folletos en apoio ás demandas da Plataforma pola Defensa da Seguridade na N-120, esixindo ao Estado a urxente licitación das obras. Posteriormente realizouse unha xuntanza no Centro Cultural de Xinzo para sensibilizar á cidadanía e ás parroquias.

A Plataforma e Corporación piden a participación da cidadanía no pleno que se convocará para o vindeiro 17 de xaneiro cun único punto na orde do día, acadar un acordo municipal para esixir ao Ministerio de Transportes a licitación das obras da N-120. Unha vez celebrado o pleno darase lectura ao Manifesto e terá lugar a concentración que reclamará



ao Estado rematar coa perigosidade dun tramo que discorre por unha zona de alta densidade de poboación e tráfico denso no que conviven peóns e vehículos.

A Plataforma e grupos da Cor-

poración chaman á mobilización e difundirán a través das casas e centros culturais das parroquias información convidando a participar nas diferentes accións que promoverán.

Unha nova vía conectará a rúa Trovador coa N-120

A deputada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, Isabel Couso, mantivo unha xuntanza coa alcaldesa de Ponteareas e tamén deputada provincial, Nava Castro, para revisar e pechar cuestións incluídas dentro do proxecto de creación dunha nova vía que dará continuidade á EP-4001 Ponteareas-Guillade para así conectar a rúa Trovador Xoán García de Guillade coa N-120 que está practicamente rematado. A nova vía terá unha anchura de 18 metros e dobre sentido de circulación



para o tráfico rodado, estará humanizada e permitirá desafogar

o tráfico do casco urbano e dotar a zona de maior seguridade.

O deporte base protagoniza o Calendario 2025



O Concello de Ponteareas presentou o seu calendario galego no que renderá durante todo o ano 2025 homenaxe aos seus e as súas deportistas. Cunha tirada de 5.000 exemplares abren o calendario galego Melania Rodríguez, campioa do mundo de Dobreminitramp, Alice Finot, medallista olímpica e Xes Argü-

lles, subcampión de Europa de tiro con arco, tamén Damián Rodríguez do RC Celta de Vigo e Sara Debén Mota, do Deportivo ABANCA. O goberno local duplicou a partida destinada ao apoio dos 45 clubs locais, pasando dos 75.000€ aos 200.000€, un compromiso que repetirá este 2025 ademais da creación de novas infraestruturas deportivas.

Campión de España de ciclocross sub-23



O ponteareán Miguel Rodríguez vén de proclamarse campión España sub 23 de ciclocross tras vencer

aos seus principais rivais, Raúl Mira e Gorka Corres, a partir da segunda volta, na proba celebrada no lago das Pontes.

Autoescuela
PONTEAREAS
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfnos: 986 660 896 - 604 047 703

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
Síguenos **FB**
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Nattex
Pontareas
NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O BNG urxe melloras na estrada provincial EP-2703 no barrio da Ponte

O BNG Ponteareas reclama unha mellora integral da estrada provincial EP-2703 -que conecta con Pazos de Borbén- no treito que discorre polo barrio da Ponte.

O Bloque, que trasladará a iniciativa ao Pleno municipal para solicitar estas actuacións á Deputación, advirte que as chuvias, moi intensas nos pasados días, están a provocar inundacións en vivendas e afundimentos da calzada polas deficiencias nas canalizacións de pluviais. Ademais, a formación nacionalista



reclama tamén unha actuación a seguridade viaria e a mobilidade xeral en toda a vía para aumentar peonil.

"Oriente 15" gaña o Premio de Escaparates de Nadal

Alcaldesa Nava Castro entregou os premios do Concurso de Escaparates de Nadal, cuxo primeiro premio foi para o comercio "Oriente 15" ao salientar o xurado a súa orixinalidade e o esforzo dun traballo feito a man. O segundo premio foi para a tenda "Mi Casa" e o terceiro premio para o comercio "Bambo".

A iniciativa contou coa colaboración coa asociación de comerciantes Tea e coa asociación de comerciantes BANASTRA mentres o xurado estivo conformado por Bruno A. Vázquez e Soralla



Carrera, licenciados en Belas Artes e profesores de arte, O primeiro premio consiste nun vale "Hotel + Cea + Experiencia Termal" no complexo do Balneario de Mondariz e un 2º e 3º premio: Sesión SPA + Masaxe, tamén no Balneario de Mondariz.

Víctor Freixanes asina o Libro de Ouro

O presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, foi recibido no Salón de Plenos do Concello para asinar o Libro de Ouro. Presidente da RAG desde 2017, Freixanes é escritor, editor, xornalista e profesor ad honorem de Ciencias da

Comunicación da USC, ocupando o posto que deixou o falecido escritor Carlos Casares.

Freixanes deu unha conferencia coloquio no Centro Cultural Xinzo o 10 de xaneiro, revisando o seu libro "O Fresco. Memorias dun fuxido, 1936", corenta e cinco

anos despois da súa primeira edición publicada pola editorial XE-RAIS en maio de 1980. A conferencia, organizada pola asociación Xe Patrimonial, foi presentada polo arqueólogo mondaricense Alberte Reboreda.

O CEIP Ramiro Sabell esixe máis profesores



ANPA "Pena do Equilibrio" entregou á Consellería de Educación da Xunta de Galicia 1.500 sinaturas recollidas nunha iniciativa cidadá para demandar un incremento do profesorado de apoio destinado a atender as necesidades educativas especiais do alumnado de

CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Ponteareas.

O centro na actualidade ten case 60 alumnas e alumnos diagnosticados que precisan de distintos apoios para poder ter unha educación inclusiva co resto do alumnado.

BNG pide a dimisión do concelleiro de Educación

No derradeiro pleno municipal do ano, a voceira nacionalista Cristina Fernández Davila esixiu a dimisión do concelleiro de Educación de Ponteareas, Ricardo González, tras debater unha iniciativa conxunta dos grupos de oposición para esixir á Xunta o profesorado especialista do que carece o alumnado ponteareán con necesidades específicas.

O BNG acusou ao concelleiro de "mentir á cara ás familias presentes no pleno para ocultar a súa incapacidade, dicíndolles



que non dirixiran ningunha carta ao Concello". Tamén acusou ao PP de "discriminación" co alumnado vulnerable.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

LOVECARS[®]
www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE
Abrimos todos os días de 12 a 23:59h
Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS *Non pechamos a cocina*

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS
667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

A nova ludoteca comeza as súas obras no Parque da Curuxeira

Con motivo do comezo inmediato das obras da nova ludoteca no parque da Curuxeira na avenida Sarmiento Rivera, a Alcaldesa Nava Castro, e a concelleira de Urbanismo, Silvia Fdez. Táboas, reuníronse coa dirección facultativa para supervisar os últimos detalles.

O Concello acondicionará e ampliará unha edificación de antigüidade superior a 100 anos na que só se interviu para conservar a estrutura exterior sen contemplar ningunha acción de mantemento ou reparación no seu interior. A ludoteca municipal gañará espazo coa construción dun edificio anexo que se sumará ao existente que conta con 136,45 m². A intervención terá un custo de 239.527,85 euros que serán financiados co apoio do +Provincia da Deputación de Pontevedra e da Xunta de Galicia.

BNG: "A ludoteca é posible grazas ao PXOM"

"A nova ludoteca ponteareá



será realidade grazas á aprobación do Plan Urbanístico por parte do goberno liderado polo BNG, que abriu un futuro cheo de oportunidades para o desenvolvemento de Ponteareas". Así se congratulou o Bloque ante o próximo inicio das obras. A formación nacionalista lembra que o edificio que albergará a nova ludoteca foi rehabilitado xunto á creación dun novo parque público de case 3.000 m², con zonas verdes e axardinadas, arborado, mobiliario urbano, iluminación e zonas de paseo, ademais

dun grande estanque con fontes.

O BNG sinala tamén que "o tempo deunos a razón e demostrou as mentiras do goberno de Nava Castro", en referencia ao préstamo de 150.000 euros a devolver até 2032 solicitado polo goberno. "Xustificaron a necesidade do préstamo en que a obra tiña que estar concluída antes de que rematara 2024 para xustificar unha achega nominal de 100.000 euros por parte da Deputación, pero iniciou 2025 e a obra aínda está por empezar.

"Xuventude Mentoring na Empresa"

A directora xeral de Xuventude da Xunta, Lara Meneses, mantivo unha xuntanza en Ponteareas coa decena de mozos entre 18 e 30 anos que comezaron a súa primeira experiencia laboral a través do programa Xuventude Mentoring na Empresa.

A Xunta destina 1,5M€, financiada nun 60% pola UE. O importe máximo concedido a cada entidade é de 140.000€ e as persoas participantes recibirán unha bolsa dun mínimo de 661,5€ ao mes e contarán cun plan formativo. As



áreas formativas serán aeronáutica, a agroalimentación, a biotecnoloxía, a automoción, as ener-

xías renovables, o naval, o téxtil, as tecnoloxías da información e da comunicación.

Cesión dun tramo da N-120 para seguridade do IES do Barral

A Corporación do Concello aprobou no último pleno do ano solicitar ao Estado a cesión dun tramo da N-120 para convertela en estrada municipal, tal e como xa llo propuxera a alcaldesa Nava Castro ao subdelegado do goberno Abel Losada, e así permitir a seguridade do alumnado do IES

do Barral.

O Pleno acordou facultar á alcaldesa como representante do Concello en todos os trámites e comezar así coa solicitude de cesión do tramo da estrada N-120 dende a Capela dos Remedios a IES Barral para que ese tramo urbano sexa a estrada municipal.

730.000€ para a EP-4001 Ponteareas-Guillade

A Deputación de Pontevedra acaba de aprobar un convenio de colaboración co Concello de Ponteareas para destinar 730.000€ ao acondicionamento dun tramo de 900 metros da estrada provincial EP-4001 Ponteareas-Guillade entre o núcleo urbano e o rural de Gaiosa.

O presidente provincial, Luis López, explicou que se trata dun proxecto enmarcado no Plan de Sostibilidade Turística en Destino Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, financiado con fondos europeos Next Generation e cun orzamento total de 1,5 millóns€.

Avanza a nova Praza de Abastos



O Concello de Ponteareas contratou a redacción do proxecto básico de execución e de dirección de obra para rehabilitación e deseño interior da nova praza de abastos por valor de 57.547,60€ financiados con fondos do plan +Provincia da Deputación.

A nova praza terá unha estética

industrial e máis funcional, acollerá actividades e porá en valor aos praceiros. Aberta ao exterior nas fachadas frontal e traseira. A torre será un espazo polivalente e, tras a reforma, convérterase nunha gran praza pública cuberta. Este novo espazo conéctase directamente coa estación e a zona residencial da vila.



CONDADO/PARADANTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez Fernández

Juan Carlos González Carrera | Primeiro Tenente de Alcaldesa (ACiP)

“Con 21M€, este orzamento é o segundo máis alto da historia de Pontearreas”

É o concelleiro máis antigo dentro da Corporación Municipal de Pontearreas, á que ingresou en 1995. Juan Carlos Carrera González (Alternativa Cidadá de Pontearreas, ACiP) é Primeiro Te-

nente de Alcaldesa e Concelleiro de Mobilidade, Seguridade, Bombeiros e Protección Civil, Vías e Obras e Cultura. Con el abordamos a actualidade do Concello e as expectativas para este 2025.

O Concello vén de aprobar un novo orzamento de 21M€ para 2025. Cales son as partidas que xestionará ACiP?

Esas partidas son Vías e Obras, infraestruturas xerais como saneamento, alumeadado público, cultura, deportes e seguridade, incluíndo o departamento de bombeiros. É un orzamento histórico, o segundo máis alto da historia de Pontearreas; o primeiro foi co goberno bipartito BNG-PSdeG pero daquela xa levaba incluída a EDUSI. É un orzamento axustado e realista que suma os impostos municipais e o que ven do Estado pero ao que non se lle suman os investimentos anuais que veñen doutras Administracións. A política de recadación do Concello mellorou moito, respectando o que anualmente remite o ORAL por recadación.

A EDUSI xa rematou?

Sí, estamos pendentes de que saia outra no primeiro semestre deste ano.

E a que vai ir destinada?

Igual, á Axenda 2030 co tema das enerxías renovables e da mobilidade.

Que “proxectos estrela” están previstos para este ano?

Un proxecto moi importante é a humanización definitiva da contorna do Concello, que precisa dunha reforma integral. Albergará tanto a rúa Rogelio Groba como á lateral que chega á Praza Bugallal. Levará unha imaxe da Menina nunha praza diante do Concello.

Ese proxecto xa estaba previsto no goberno anterior. Que cambios introducidos vós?

A necesidade de espazos novos de lecer e convivencia para que o tráfico poda transcorrer dentro dunhas restricións. Vai ser unha zona peonil pero na que poda pasar o tráfico por un carril de acceso na rotonda detrás do Concello cara Reveriano Soutullo. No tempo que levamos de goberno

queda demostrado que a veciñanza valora positivamente que permitamos que o tráfico pase por determinadas zonas que anteriormente estaban restrinxidas.

Desaparecen os muros do Concello?

Non, vanse manter porque o esixe Patrimonio a pesar de que tentamos presentar un proxecto que prevía retiralos.

Entón o cambio en que vai consistir?

Crearase unha zona de humanización onde están os xardíns, mantendo a porcentaxe de inclinación que esixe a normativa.

Entre as súas responsabilidades está a Protección Civil. Como está o tema da seguridade en Pontearreas?

Estamos moi por debaixo da media da provincia que é de 1 policía por cada 1.000 habitantes. No ano 2024 aumentamos en tres efectivos e este 2025 incorporaremos tres máis para poder cubrir as 24 horas con quendas de dous axentes e amplialo coa contratación de auxiliar de policía. É unha medida de reforzo principalmente naquelas épocas do ano onde temos máis visitantes. Coas tres incorporacións chegaremos a 19 axentes, cunha Xefa Oficial de Policía e outro Oficial que accedeu o pasado ano. O normal sería unha Xefa con tres Oficiais para coordinar as quendas de traballo.

Os veciños queixanse de que a Policía ‘anda á caza’ das multas máis que para orientar á xente. Iso é por instrución do Concello?

Non. A Policía ten que ser próxima: dar información e facer cumprir as ordenanzas, que temos previsto actualizar. A policía xa non está ‘á caza’ das multas como facía antes. Temos pendentes a Oficial Xefa de Policía e máis eu mellorar varias cuestións, entre elas a recadación de multas. Somos un Concello onde o acceso

de persoas das parroquias e da comarca é unha necesidade e iso provoca problemas de circulación e de tráfico. Os condutores temos tamén que ser máis responsables.

Nos últimos tempos houbo varias manifestacións no pobo, unha delas contra Artisteia. Cre que esta iniciativa era algo tan necesario ou, polo contrario, é unha especie de ‘globo’ propagandístico para que se note a diferenza co goberno anterior?

Calquera goberno que entra na Administración ten o dereito de pór en marcha os proxectos que considera que funcionen. Nese edificio ían unhas obras que estaban inicialmente previstas para o Centro Cívico. Decidimos cámbialo por unha Residencia de Artistas; somos un dos poucos Concellos galegos que a ten con actividade continua e diaria. Estamos facendo unha política de expansión cara afora.

Co respecto ao Centro Cívico e o local para os colectivos estamos traballando para acondicionar a parte traseira do Auditorio Reveriano Soutullo onde existen unha serie de locais que van ser postos a disposición deses colectivos, especialmente do núcleo urbano. Estou convencido que non vai haber tanta demanda como din. Permítame dicir que a Oposición actual é moi dada a facer calquer tipo de concentración. E co respecto a esa manifestación contra Artisteia, Vde. estivo aí e viu moi ben o que había.

Eu, persoalmente, levo anos preguntándome por que Pontearreas non dispuña dunha delegación da UNED como O Porriño e Tui onde se poden facer estudos universitarios. Porén vexo que é unha “academia” para dar conferencias e impartir cursos de galego que xa o fai a Xunta e ademais de balde.

O da delegación da UNED corresponde a unha necesidade que temos en Pontearreas e a Alcaldía



está traballando nese sentido. Antes tampouco tiñamos Escola para Adultos como existe hoxe no CEIP Feliciano Barrera. Co respecto á UNED precisamos estar á altura de Tui e do Porriño, que si teñen esas delegacións. Estou de acordo coa túa apreciación.

Algúns deportistas non están de acordo coa nova infraestrutura para atletismo. Ides cumprir coas súas demandas?

É lexítimo que os deportistas pidan máis. Pero é a primeira vez na historia de Pontearreas que hai un goberno e un concelleiro que teñen claro o que se debe facer en canto ás instalacións deportivas. O primeiro que fixemos foi mirar en que estado estaban as existentes; que era de abandono e desleixo. Investimos unha cantidade económica importante dos Plans Provinciais para pór en condicións o Pavillón Deportivo e a piscina municipal. Queremos realzar unha obra histórica coa instalación do campo de herba sintética para o Club San Mateo; a entidade deportiva de fútbol feminino máis lonxeva en Galicia. Está por saír a licitación desta obra. Temos tamén un compromiso de instalar este ano a herba sintética no campo municipal de Santiago de Oliveira.

Co respecto ao atletismo, a través dos plans da Deputación estamos avanzando na instalación dunha pista en Pontearreas. Para poder presentar o proxecto á Deputación, tivemos que buscar o terreo e mercado grazas ao financiamento de 300.000€ da Xunta. No PXOM só existía unha zona de

12.000 m2 que era insuficiente.

Un técnico especialista en pistas de atletismo, preparou o proxecto para 200 m que foi presentado en tempo récord. Faltan as xestións de rexistro.

Agora vén un club de atletismo a dicirnos que quere unha pista de 400m. Estou de acordo pero temos que ver se tecnicamente é posible. Tivemos unha entrevista co presidente da Federación Galega de Atletismo e con diversos técnicos e especialistas a nivel galego e estamos pendentes doutra xuntanza para afinar os correspondentes detalles técnicos. En Ourense hai unha pista de 200m que está saturada porque aí se realizan todos os campionatos a nivel galego. O presidente da Federación comentounos que se facemos en Pontearreas unha pista homologada de 200m nos remiten todos os campionatos galegos que se realizan entre outubro e marzo para aliviar o colapso da pista ourensá.

Neste tema eu pediría que por favor se deixara a política aparte. Esta é unha cuestión de máximo interese para Pontearreas.

Ten pensado facer unha xuntanza dos técnicos e especialistas cos deportistas de Pontearreas?

Imos a facela nas vindeiras semanas e así lle informamos aos deportistas e clubs.

Como vai o tema do Centro de Saúde?

Os terreos están comprados porque houbo que poñelos a disposición da Xunta, que xa sacou a redacción do proxecto. Fixemos

Ranchos ou Cadrillas, Danzas e Cantos de Reis

Anxo Serafín Porto Ucha
e Raquel Vázquez

Un ano máis, en chegado este tempo, encontrámonos coas cadrillas ou ranchos de Reis, coas súas danzas e cantos de Nadal. Veñen no solsticio de inverno, coa caducidade do ano e a esperanza no renacer. Trátase de danzas, moitas delas con antecedentes nos correspondentes ciclos agrarios, de procedencia celta ou precelta, algunhas de raíz galega, como a “danza de espadas”, con reminiscencias nas executadas polos lusitanos sobre a tumba de Viriato. Outras interpretacións insisten, en especial no que atinxe as indumentarias ou os nomes utilizados, na influencia das culturas indíxenas, relacionadas co descubrimento de América, a través das culturas ibéricas (España e Portugal), coma os panos de alfombra de lá cruzados, dobrados a catro puntas, os gorros de cintas e os espellos, que levaban os homes.

Pola Galiza adiante, dende o Museo do Povo Galego, Antón Fraguas evocaba en vida estas danzas de Nadal, a “danza de arquillos”, a “danza de palillos”, a “danza de castañolas”, ou a “danza de cintas ou de cubrir o pau”. Rivas Cruz, Mini e Mero lembrábons en Raigame (1998) a bucólica



paisaxe da chegada dos Reis, cos emocionados velliños na lareira, escoitando o acompañamentos de gaita e percusión, cambios de tonalidade, de ritmos, de tempo, efectos de glisandos e demais, namentres as bágoas baixan paseniño polas súas meixelas. No Cancioneiro Musical de Galicia, do redondelán Casto Sampedro, iniciado a finais do XIX e publicado en 1942, recóllese algunha destas interpretacións.

Pola nosa bisbarra, falabamos a propósito da publicación de A requinta da Ulla (2017), de Rafa Carracedo, da posibilidade de abordar traballos de base documental, de estudo de campo polas terras do Condado

(Mondariz, As Neves, Ponteareas, Salvaterra, Salceda), pola Paradanta, Baixo Miño ou mesmo na antiga terra de Montes (Anceu, Cotobade, Forzans, Pontecaldelas...), de músicas e letras, de paso ao pentagrama, analizando semellanzas e diferenzas.

Centrada na riqueza cultural da parroquia, do noso lugar de procedencia, Guláns, Ponteareas, consérvase no conxunto da exposición permanente do Castelo do Sobroso unha agarimosa foto ou retrato de principios do século XX co gaitero de Sendín e os/as catro danzantes, entre eles o señor Manoel de Evaristo, que ao longo de moitísimos anos se encargou de ensaiar as danzas na varanda da súa

casa. Entre os cantos de temática relixiosa, hai un, profundo e entrañábel, que se cantaba arredor dunha gaita, mellor dunha gaita tumbal, no dicir de Acuña na Gran Enciclopedia Gallega; Novoa, nunha colaboración en Faro de Vigo (6/1/1981) sinalaba que a letrilla de «Qué viva, qué reine» fóralle facilitada a don Ignacio Vidales Tomé, por Secundino Domínguez, de Guláns. Outros destacados nas danzas foron Pepe “Caseira”, ou antes o señor Edelmiro, avó paterno de Miro González Leándrez, que está a desenvolver hoxe un importantísimo labor de recolleita e transcrición. Na Festividade de San Xulián de este ano (7 de xaneiro) ofreceron dentro do templo parroquial o fermoso canto “A la puerta llora un Niño”. Súa nai, Celia Leándrez, foi tamén danzante na xuventude. Pola nosa banda, recolleamos de Merche Boullosa Fernández, transmitida pola súa nai, Carme, tamén de Ganade (†), un belo e moi fino texto, de inspiración milagreira: “Camina la Virgen pura/, de Egipto para Belén”.

Bibliografía

Prego Rajo, Cándido M. e Porto Ucha, Anxo S. «Guláns. Unha parroquia que cuida o seu acervo cultural (I e II)». Alameda, 66 (2023), pp. 33-36; 67 (2024), pp. 21-26.

... Continuación da entrevista a Juan Carlos G. Carrera

un acondicionamento do terreo para permitir o aparcamento ante o colexio Ramiro Sabell para que os pais poidan deixar aos alumnos, unha problemática herdada do goberno anterior. Estamos tamén traballando na variante entre a N-120 e a rúa Trovador Xoán García de Guillade a través dun convenio coa Deputación para solucionar os problemas de tráfico e de acceso para os alumnos do IES de Barral que diariamente van pola N-120.

Está prevista algunha variante para a autovía?

Si. Está en estudo de impacto ambiental. A variante sae en An-

goares, vén por San Mateo ata o Alto da Gloria e xira polo cemiterio. Tamén estamos traballando na Obra de Seguridade Viaria para a humanización das rotondas da N-120 entre Confurco e Ponteareas, un proxecto moi necesario pero que, polo de agora, o Estado ten paralizado.

O Corpus será Patrimonio Cultural Inmaterial por parte da UNESCO?

Agardamos este ano ter boas novas. A documentación presentada está moi ben fundamentada, segundo nos din dende a UNESCO, e por tanto ten moitas posibilidades.

Como están promovendo o Camiño do Taverneiro?

A Deputación está explotando esta ruta e temos a sorte de que a Alcaldesa Nava Castro é tamén a deputada provincial de turismo e está facendo un traballo moi importante para a súa difusión, aproveitando o tirón que sempre ten o Camiño de Santiago. Presentouse o libro de información sobre este Camiño. A súa divulgación xa se levou a sesións plenarias polos Concellos por onde pasa (Salvaterra, Ponteareas, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén) para tentar homologalo e normalizalo. Tomando en conta os seus

visitantes que teñen pasado polo Concello consideramos que é unha oportunidade de atractivo turístico, comercial e económico.

Hai veciños que se queixan da construción da Escola Infantil no parque de Ferro Ucha.

Eu comparto esa preocupación pero hai un plan urbanístico do goberno anterior que especifica que esa escola ten que ir aí. Non hai outro lugar. Non se pode cambiar porque hai uns fondos estatais específicos para este tipo de construcións e se perdían se non se sacaban as adxudicacións antes de finalizar o ano.

Que destacaría como os logros

máis importantes nestes case dous anos de coalición PP-ACiP-IP?

Os logros máis importantes son a constitución da pista de atletismo; o enlace N-120; e a recuperación definitiva do espazo da Freixa. Iniciamos aquí o desbroce e limpeza do camping municipal cun investimento de 200.000€ da Deputación para o acondicionamento dos sendeiros afectados polas inundacións. Tamén destacaría a construción da Gardería Municipal e o Mercateo na antiga fábrica de Aceros de Tea, cun financiamento da Xunta superior aos 800.000€.

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

Pauta MOTOR

servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11 PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18 Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

CONDADO/PARADANTA

Actualización da cartografía catastral

A Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da Liña 2 do Plan Máis Provincia 2024 concedeu a axuda de 4.235,00€ ao Concello de Mondariz Balneario co obxecto de actualizar o inventario municipal no soporte informático de xestión e mantemento, actualización de diversas capas, actualización de cartografía catastral, cruce de datos de vías e numeración municipal, altas de propiedades e outros traballos complementarios.

Por outra banda, a Deputación, ao abeiro do Programa "O teu espazo xuvenil" concedeu unha axuda de 2.100€ para adquisición de



equipamentos inventariables necesarios para o funcionamento do local destinado a uso pola

mocidade, no noso caso a adquisición consta de mesas e sillas para acondicionar o espazo.

O Alcalde de Mondariz cobrará 26.708€

Logo de catro meses ao fronte do Concello trala renuncia do seu antecesor, o Alcalde Pepe Barcia (PP) finalmente logrou a aprobación por unanimidade, nun segundo intento, por parte do pleno do seu novo salario, de 26.708€ mensuais en 14 pagas, aceptando así unha dedicación parcial do 75% para poder compatibilizalo coa súa actividade empresarial. En novembro, a oposición liderada por AporM e BNG impediran esa aprobación dun salario entón conta-



bilizado en máis de 33.000€, o que practicamente correspondía ao que cobraba o anterior alcalde. A nova proposta corresponde ao

75% do que cobraba o alcalde pola dedicación exclusiva. Barcia non cobrará o soldo dos catro primeiros meses do seu mandato.

AGADER colabora coa estrada Riofrío-Frades



O Alcalde de Mondariz, Pablo Barcia, anunciou a recepción do apoio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para as obras de mellora da estrada municipal Costa

(Riofrío-Frades). O Concello recibiu o 100% da axuda solicitada que ascende a 65.152 €. e que se encadra dentro do plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

Balneario acollerá 200 refuxiados

O Alcalde de Mondariz-Balneario, César Gil, informou que acordou coa ONG Accem acoller uns 200 refuxiados procedentes de Canarias trala reubicación dos migrantes procedentes de Malí en Bueu (106) e Allariz (60) para a súa inserción laboral.



MiXturas
CASA DE COMIDAS
Justicia y Bono
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Blona**
CIMEROUCES N°8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

TRIFOLIUM INGENIEROS
Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834
Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
☎ 653 047 430 / 886 216 505 ✉ lgtrifolium@gmail.com

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR
BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS
Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es ☎ 623 530 294

TEASEGUROS
Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

Catro décadas de compromiso coas parroquias

O Alcalde Luis Piña realizou unha homenaxe en nome da Corporación ao cura José María Vázquez Piñeiro, en recoñecemento das súas catro décadas adicado ás parroquias de Valeixe e do Couto. Tras asinar o Libro de Honra, o rexedor entregoulle un recordo conmemorativo, unha miniatura de bronce do edificio da Casa Consistorial.

Vázquez Piñeiro oficiou a súa primeira Misa o 16 de decembro de 1984, ás 11 da mañá na Igrexa Parroquial do Couto e ás 12h na Igrexa Parroquial de Valeixe. O seu compromiso coa comunidade quedou reflectido en obras como a apertura da primeira Residencia



de maiores no municipio, a "Nosa Señora dos Remedios de Valeixe", o Centro Xeriátrico Santa Teresa da Cañiza, o Centro médico periférico da Miñoteira, a farmacia

da Miñoteira e das Salas de Velacións de Valeixe e do Couto. Ademais foi o fundador do Coro e grupo de danzas de Santa Cristina de Valeixe.

Restauración da ponte medieval de Noceifas no Couto

No marco do proxecto "Acondicionamento da ponte medieval de Noceifas" cun investimento de 27.829,46 € por parte da Xunta, o Alcalde da Cañiza Luís Piña realizou unha visita en compañía da Concelleira Eva María Rivas e do técnico da empresa Pangea Ingeniería del Territorio Sln, Benito Lourido, para verificar o remate das labores de recuperación e limpeza deste patrimonio civil e arquitectónico, símbolo da logo-marca do Concello baixo o lema: "A Cañiza, Adéntrate en Galicia".

As labores consistiron nun estudo arqueolóxico e de restauración e a limpeza completa da



ponte. Instalouse tamén un panel interpretativo na contorna, no que se describe a propia Ponte e a importancia que tivo no comercio entre as zonas ribeireñas

e o papel do Val do río Ribadil como unha das principais vías de comunicación para transportar o Viño dende o Ribeiro e outros produtos.

Un 2024 de acción solidaria

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, acompañado da Traballadora Social do Concello, Rita Gulías, informou das axudas de emerxencia tramitadas neste 2024 ás 34 unidades familiares do Concello que percibiron unha media anual de 120 kilos de alimentos de primeira necesidade entregadas en dúas achegas en marzo e outubro. Un total de 7.634,09€ subvencionados a través das Axudas de Emerxencia Social, destinadas pola Deputación de Pontevedra.

Ademais se tramitaron 12 axudas dentro do Programa Básico de "tarxeta -monedero" expedida pola Cruz Vermella a través do convenio de Adhesión



ao Programa Operativo FEAD con fondos da Unión Europea. Un total de 10.900,00€ en alimentos entregados a familias con menores a cargo.

A Cañiza amplía a súa cobertura de telefonía móbil

O Alcalde Luís Piña e a concelleira Eva María Rivas visitaron a instalación de telefonía móbil na parroquia do Couto, atendendo unha histórica reivindicación da veciñanza, que viña sufrindo a perda de autonomía nas comunicacións dende hai dúas décadas. A empresa adjudicataria do acendido desta equipación de comunicacións móbiles é VODAFONE.

Na visita á instalación de Xunqueiras, o Alcalde e a concelleira informaron que "na primavera de 2025 quedará operativa tamén a nova instalación e equipamento de comunicación móbil de Luneda".

Estas actuacións desenvólense dentro dun Acordo Marco suscrito entre a Xunta ea FEGAMP a través de fondos europeos FEDER.

A Cañiza aproba o III Plan de Igualdade

O Alcalde Luis Piña declarou que o ano 2024 pechouse coa celebración dun Pleno Extraordinario, no que se aprobou por maioría do Grupo de Goberno (7 votos a favor) e a abstención da Oposición (3 votos), o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres

e Homes para os anos 2025-2029. Nesta mesma sesión do 20 de decembro aprobouse o informe de avaliación do II Plan que estivo activo nestes últimos cinco anos. O III PIOM conta coa financiación da Deputación de Pontevedra cunha subvención de 4.984,00€

www.novasdoeixoatlantico.com

 **CRISel**
CONGELADOS
Abrimos de 9:00 a 20:30h
Merluza austral de a bordol
Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
Telf: 672 805 235 - Pontareas

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS
Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797
Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Pontareas
agrovis@agrovis.es
www.agrovis.es

 **CENTRO DE ESTUDIOS TIZAS**
VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

CONDADO/PARADANTA

Máis de 14.000€ en 2024 para clubs e asociacións da Cañiza

O Alcalde da Cañiza Luís Piña informou que o Concello concedeu este 2024 un total de 14.330,00€ ás 14 asociacións culturais e clubs deportivos municipais que solicitaron e presentaron a documentación requirida.

As entidades beneficiadas foron: ANPA O Chusquiño; Asociación Cultural Santa Cristina de Valeixe; Asociación Cultural Asculca; Asociación ECAN; Asociación Furaollas; Asociación Pensionistas e Jubilados Santa Teresa; Asociación Reviravoltas; Asociación Sobre



Rodas; Club de Fútbol A Cañiza; Tumbada ás 4; Asociación de Mulleres Axóuxere; e Sociedade de Coral Polifónica da Cañiza; Grupetta Pan de Zarko; Motoclub Caza A Cañiza.

Entrega de premios de Nadal

O Alcalde da Cañiza Luís Piña entregou os 3º premios da campaña "A Conianza de Sempre, Agasállate neste Nadal" de promoción do comercio de proximidade coa colaboración da Asociación de Comerciantes da Cañiza.

Os premios son canxeables nos establecementos da Cañiza adheridos á campaña. Un total de 1.000,00€uros en vales de compra que se suman aos 2.000,00€ entregados os pasados 16 e 30 de decembro. O 4º sorteo celebrarase o vindeiro 24 de xaneiro.



San Silvestre Solidaria Monção-Salvaterra

Os Concellos de Salvaterra e de Monção realizaron este 29 de decembro a carreira San Silvestre Solidaria nas categorías infantil libre tanto masculina como feminina. O equipo con máis participantes foi o olympics 4 all e os corredores de maior idade foron Albino Días (92 anos) e María Alves Oliveira (77 anos) No caso de Salvaterra foi Marcos González o primeiro clasificado absoluto.



X edición de "Sintete Covelo"



O Concello entregou os seus recoñecementos da décima edición dos "Galardóns Sintete Covelo" á asociación Covelo Natural polos seus máis de 30 anos de traxec-

toria a prol do patrimonio local; e ao piloto de rallys Pablo Casto, residente en Alcalá de Henares. O evento contou co concerto de "Sin Reserva Acústico".

Benvida aos nados no 2024



O pasado 11 de xaneiro o Alcalde de Covelo Juan Pablo Castillo e a concelleira Lourdes Enes deron a

benvida aos bebés que naceron no 2024 en Covelo. Os bebés recibiron un detalle por parte do Concello.

Espazo Termal de Teáns-Oleiros



Durante este período invernal, o Concello de Salvaterra puxo a disposición dos usuarios as instala-

cións do Espazo Termal de Teáns-Oleiros, un dos seus principais atractivos turísticos e de benestar localizado ás beiras do Miño.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
impresión digital
IMPRESIÓN · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julio.perez.giraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

Declaración de Árbore Senlleira para O Alcanforeiro do Castelo do Sobroso

O Concello consegue a inclusión do alcanforeiro do Castelo do Sobroso no Catálogo galego de árbores senlleiras. Así o Cinnamomum camphora vén de ser catalogado polo seu porte, dendrometría e idade, así como pola súa significación histórica, e interese estético e paisaxístico. Pasa a ser un dos tres únicos tres exemplares catalogados en Galicia, xunto cos existentes no pazo de Rubiáns, en Vilagarcía de Arousa.

O Alcanforeiro ten tronco de grandes dimensións e comeza a ramificarse a case dous metros



de altura, en grandes ramas que se distribúen radialmente ao redor do tronco, formando unha cruz moi ampla que dá lugar a unha

gran copa, globosa e de gran volumetría. É unha especie orixinaria de Asia tropical, Malasia, Taiwán e Xapón.

Vigo tamén viviu a tensión política venezolana

Máis dun millar de venezolanos en Vigo e outras cidades galegas como Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña esixiron este 9 de xaneiro o respecto á lexitimidade presidencial de Edmundo González Urrutia e denunciando o “golpe de Estado” e a “ilexítima” toma de posesión de Nicolás Maduro en Caracas.

Días antes, o Capítulo Galego da Internacional Antifascista, composto por unha trintena de entidades, emitiu un comunicado oficial en Vigo condenando “enerxicamente a constante intromisión das potencias imperialistas e outros países intervencionistas nos asuntos internos de Venezuela”.

Unha destas entidades, a Aso-



ciación Galego Bolivariana Hugo Chávez (AGABO) denunciou que ao amencer do 12 de xaneiro, o Consulado da República Bolivariana en Vigo foi obxecto dunha serie de ataques vandálicos con

pintadas de “dictador” nas súas vitrinas, en clara referencia a Maduro. Esa mesma noite a sede consular venezolana en Lisboa tamén foi obxecto de ataques con cócteles molotov.

En agosto a illa de San Simón será “Lugar da Memoria Democrática”



O Goberno central atendeu a petición dos colectivos memorialistas e do Concello de Redondela para protexer un dos lugares relacionados coa ditadura franquista máis emblemáticos de Galicia: a illa de San Simón, onde houbo un campo de concentración entre 1936 e 1943. A partir do mes de agosto a illa será, xunto co Pazo de Meirás, “Lugar da Memoria Democrática”.

A alcaldesa de Redondela,

Digna Rivas, amosou a súa “gran satisfacción” por este recoñecemento “a un dos lugares da represión franquista máis emblemáticos de Galicia” e agradeceu “a gran labora da Iniciativa Galega pola Memoria”. Rivas lembrou que desde o Concello reclamouse á Xunta de Galicia o pasado mes de outubro “a recuperación da Fundación Illa de San Simón para xestionar os usos deste espazo e velar pola memoria histórica”.

Rosalía de Castro chegará a 40 centros escolares

A través dunha achega de 32.500€, a Deputación de Pontevedra abriu este 14 de xaneiro o prazo para que ata 40 centros educativos da provincia poidan participar no programa “Rosalía, a súa casa, o meu lar”, impulsado pola institución provincial en colabora-

ción coa Fundación Rosalía de Castro. Trátase dunha iniciativa para que o alumnado da provincia coñeza a riqueza cultural da colección da Casa- Museo de Rosalía en Padrón, o intenso labor que desenvolve e se achegue á figura e legado da autora.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O Porriño recupera o Templete de San Luís

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López anunciou o remate dos traballos de restauración do templete de San Luís no Porriño, tras un investimento de máis de 260.000€ para recuperar a obra do arquitecto Antonio Palacios construída en 1919 e que foi acceso á primeira liña da rede de Metro de Madrid e que se trasladou a este concello no ano 1970.

O conselleiro salientou o feito de que o templete está situado na entrada do Camiño Portugués ao seu paso polo Porriño, “razón pola que se tivo en consideración o seu emprazamento singular á hora de definir a intervención”.



Por outra banda, e coincidindo co 151 aniversario do nacemento do arquitecto porriñés, o Concello do Porriño presentou o primeiro décimo na súa honra emitida pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre para o sorteo do 30 de xaneiro de 2025.

O Centro de Saúde realizará tratamentos oncolóxicos

O Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, acompañou ao conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, na súa visita ás novas instalacións do centro de saúde do Porriño, que será reformado e ampliado cun investimento da Xunta de 6,2M€ e que se optimizará para realizar tratamentos oncolóxicos e así evitar os desprazamentos e a saturación dos centros de saúde de Vigo.

A ampliación de 1.100m² aumentará a 2.700m² a superficie total do centro. Conta cun novo volume de tres plantas, que acolle un novo PAC que dotado con 5 consultas, 3 de medicina e 2 de enfermería, ademais dunha nova sala de reanimación e unha área



de fisioterapia, entre outros espazos.

Por outra banda, Lorenzo, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, o xefe territorial de Educación de Pontevedra, César Pérez, visitaron

as instalacións do CEIP Xosé Fernández López para comprobar o resultado das obras de substitución da cuberta do edificio de educación infantil. A intervención contou cun investimento de 48.397€ por parte da Xunta.

BNG: “O Concello vulnera a lexislación ambiental”

Mediante comunicado, o BNG do Porriño denunciou que “o goberno do PP de Alejandro Lorenzo está a infrinxir diferentes directivas e leis referidas ó tratamento dos restos orgánicos”, destacando a Directiva Europea de Residuos, a Lei estatal de Residuos e Solos Contaminados para una Economía Circular e a Lei galega de Residuos e Solos Contaminados, así como criticou

a “falta de planificación na xestión de residuos orgánicos”.

Indican os nacionalistas que estas normativas “establecen que desde o 1 de xaneiro do 2024, as vivendas do Porriño deberían separar en orixe os restos orgánicos” e que “nas parroquias ou nas áreas de xeración destes residuos, débese crear sistemas de compostaxe comunitaria e, finalmente, promocionar a compostaxe doméstica”.

O PSOE axudará nos trámites de titularidade de fincas

Tralos requerimentos enviados polo Concello do Porriño aos propietarios de parcelas, o voceiro socialista David Alonso anunciou que o seu partido ofrecerá axuda aos veciños propietarios de fincas que precisen presentar os modelos de prórroga, alegacións sobre a titularidade e inicio ou

fin de tarefas de limpeza.

Alonso criticou a falta de previsión por parte do goberno municipal á hora de enviar de forma masiva os 5.000 requerimentos que, en caso de incumprimento ou accidentes como incendios, poden xerar sancións e multas entre 1.000 e 1M€, dependendo da gravidade do caso.

Mos avanza no Pacto polo Clima e a Enerxía

Durante unha visita da directora xeral de Enerxías Renovables e cambio Climático, Paula Uría, a Xunta puxo en valor o compromiso ambiental do Concello de Mos co desenvolvemento do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), que se enmarca no Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía.

Eloxiu a substitución de equipos antigos por outros máis eficientes para reducir o consumo e a renovación de instalacións de iluminación pública así como da flota municipal de vehículos



coa adquisición nos últimos anos de cinco vehículos híbridos con etiqueta ECO.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO



100 persoas formáronse no PIE

O Concello de Porriño clausurou a edición 2023-2024 do seu Plan Integrado de Emprego (PIE), na que os seus 100 beneficiarios recibiron o correspondente diploma de mans do Alcalde Alejandro Lorenzo e personalidades do comercio local e do tecido industrial.

O programa contou con máis de 600 orientacións individuais, 705 horas de formación especializada, 112 contratos de traballo e 35 persoas que realizaron prácticas en empresas. Esta iniciativa



conta coa colaboración da Xunta e dos actores empresariais e comerciais do municipio, destacando os polígonos industriais da Granxa e As Gándaras e a asociación de comerciantes ACIPOR.

Renovado convenio con AFAGA



O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e o presidente da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia (AFAGA), Juan Carlos Rodríguez, asinaron un novo convenio de colaboración anual entre o Concello e AFAGA cunha

subvención de 21.000€. A colaboración completa o servizo que se presta na súa Unidade de Atención Diurna Especializada non Porriño, que atende a máis de 20 usuarios diagnosticados con alzhéimer ou outras enfermidades neurodexenerativas.

“Non pasa nada, pasa algo” contra as drogas

O Concello do Porriño, en colaboración coa OMIX e a financiación da Consellería de Sanidade, impulsa o Programa de Prevención Selectiva do consumo de drogas no ámbito educativo. Baixo o lema ‘NON PASA NADA, PASA ALGO’ traballará co alumnado de 4º da ESO e Formación Profesional Básica dos centros educativos de Mos e O Porriño.

Ao longo do programa abordáranse temas cruciais como o consumo de alcol, tabaco e bebidas



enerxéticas. O programa ten dúas fases: unha inicial que incluírá sesións co persoal docente e as familias; e outra que consiste en talleres interactivos cos adolescentes nas aulas.

Melloras en marquesiñas de Budiño, Mosende, Atios e Pontellas



Cun investimento superior aos 24.000€, o Concello do Porriño culminou recentemente unha serie de melloras en varias marquesiñas de autobús, con especial atención á instalación dunha nova parada na entrada do IES Pino Manso,

unha intervención moi demandada pola comunidade educativa. Nestas localidades reparáronse os tellados, garantindo que os usuarios e usuarias das paradas de transporte público contén coa protección necesaria ante as inclemencias do tempo.

As rondallas brillaron no Porriño

O pavillón municipal acolleu o 12 de xaneiro o tradicional “Certame de Rondallas” como despedida do Nadal coa participación da Rondalla do CSCR de Beade (Vigo), a Rondalla Airiños da Lagoa (Baiona), a Rondalla da Asoc. Centro Veciñal e Cultural de Valladares (Vigo), a Rondalla da Asoc. Veciñal, Cultural e Recreativa San Mamede de Zamáns (Vigo), a Rondalla do Centro Culutral A Merced de Chaín (Gondomar), a Rondalla O Mosteiro de Pexegueiro (Tui), a Rondalla da SCDR Helios de Bembrive



(Vigo), a Rondalla da Asoc. Cultural, Social e Veciñal de Herville (Mos), a Rondalla da Asoc. Centro Recreativo e Cultural de Torroso (Mos), a Rondalla da Asoc. de Veciños do Galiñeiro de Vincios (Gondomar), a Rondalla Santiago de Parada (Mos) e as anfitrionas, a Rondalla Santa María do Porriño, a Rondalla da Santa Eulalia de Atios e a Rondalla da AC de Pontellas.

Exposición Chicas nuevas 24 horas

A exposición Chicas nuevas 24 horas, que pretende sensibilizar sobre a trata de nenas e mulleres con fins de explotación sexual, xa pode visitarse no Centro Cultural do

Porriño. Ademais, levaranse a cabo xornadas de traballo nos institutos e unha aberta ao público o día 23 de xaneiro, ás 18:30 h, no salón de plenos do Concello.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas e autónomos.
- Herencias e tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios e tasaciones.
- Creación de empresas e asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas e subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmial.com

DÖNER KEBAB DKE

Porriño - 604 46 29 39 Salvaterra - 604 47 22 47
Salceda - 672 47 46 39 A Cañiña - 604 48 46 46

LOURIÑA

A veciñanza, contra a nova A-52

Os Multiusos de Petelos acolle unha serie de xuntanzas do Concello de Mos coa veciñanza das parroquias de Sanguñeda, Petelos, Tameiga e Pereiras afectados polo novo trazado da autovía A52 proposto polo goberno central. Nas tres primeiras reunións, os veciños de Sanguñeda, Petelos e Tameiga encheron o Multiusos e o xoves 16 tócalle o turno aos veciños de Pereiras.

Esta serie de encontros informativos, nas que participan a Alcaldesa Nidial Arévalo, os grupos municipais do PP e BNG, e representantes da plataforma DefendeMos, lévanse a cabo coas comunidades de usuarios das traídas



de augas parroquiais que detectan cómo o trazado da nova A52 afectaría alomenos a 8 traídas de augas: 2 na parroquia de Tameiga, 2 en Petelos, 2 en Pereiras, 1 en Sanguñeda, e unha traída privada:

a da Candosa (entre Sanguñeda e Pereiras) Consideran que este proxecto só soluciona o tráfico que vai desde a vaguesa avenida de Madrid cara Tui ou cara a Ourense.

“Mos axuda no Nadal” chegou a 70 familias

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, voluntarios de Mos Axuda e representantes do Belén Solidario fixeron e balance da campaña solidaria navideña da Asociación Mos Axuda, informando de que se recolleron e repartiron durante a mesma preto de 4.000 quilos de alimentos para entregar a 70 familias e 45 nenos e nenas mosenses.

Ademais de Mos Axuda e da Cruz Vermella, a campaña contou coa colaboración de centros educativos, asociacións, clubs deportivos e supermercados como Eroski, Gadis, Mercadona e Al-



campo. Con isto tamén entrou a iniciativa “Ningún nenx sen agasallo” en colaboración con AEMOS,

e EVD Galicia grazas ao seu proxecto “Magos e Estrelas”.

O “Camiño da Rosa Festival” será en abril

O Pazo de Mos celebrará o vindeiro 30 de abril a IV edición do “Camiño da Rosa Festival”, o principal festival musical da Louriña na que xa confirmou a súa participación Alvama Ice, considerado o Dj número 1 do xénero urbano en España. A falta de confirmar os demais músicos participantes, o festival manterá o seu carácter gratuíto.



Orgullo mosense para o Mundial Singapur 2025

No marco do Trofeo Mareastur realizado en decembro, o nadador do Club Natación Mos Juan Ferrón logrou establecer a marca mínima para poder competir no Campeonato do Mundo de Natación que terá lugar en Singapur este 2025. Aos seus 22 anos, Ferrón chegará ao Mundial na proba de 100 metros mariposa, onde logrou quedar en 7º lugar nos Xogos Paralímpicos de París 2024.



“Salceda nega que existan demandas contra a valoración catastral”

Mediante comunicado, o Concello de Salceda respondeu á nota de prensa enviada por BGI-LAW y Calixto Escariz Abogados sobre a presunta afectación de 700 fincas dentro do proceso de valoración catastral municipal considerando que “non se están a presentar demandas en materia de valoración catastral fronte ao Concello, senón que se están a presentar diante do Catastro, que é a Administración competente para iso”.

O Concello, en canto se en-

terou da existencia dos dous únicos procedementos que resolveron nesta materia, “personouse e solicitou a nulidade dos procedementos, por non ter empuñado ao Concello para que puidese comparecer neles, malia ter un interese directo no asunto. Nun deles foi denegada a nulidade, e contra dita decisión recorreuse en amparo diante do Tribunal Constitucional. O segundo procedemento está pendente de resolver aínda a solicitude de nulidade, e confiamos en que recaia en breve”.

Treze Catorze celebrou a súa “Festa Hortera”

Organizada pola Asociación Cultural Deportiva e Ecoloxista Treze Catorze, o 11 de xaneiro o Centro Social O Matadoiro celebrou a partir das 21 horas o guateque

“Festa Hortera” que cada mes de xaneiro devolve a Salceda a 1993. A festa lembrou a música dos anos 90 e realizou concursos de playback e premios aos mellores atuendos da época.

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

Talleres
Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
C/. Cando, 15
O PORRIÑO

986 642 719
C/. Alcalde Daniel Ojea, 10
PONTEAREAS

SALCEDA DE CASELAS

Salceda aproba o seu III Plan de Igualdade

O Concello aprobou por unanimidade o seu III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2024-2028, que permitirá avanzar no desenvolvemento de políticas municipais cara un modelo de sociedade igualitario e libre de violencia de xénero. O Plan consolidará a igualdade en Salceda como elemento estrutural da xestión e como un instrumento do goberno municipal para orientar todas as políticas.

Este é o primeiro Plan que se baseou nun diagnóstico elaborado en base ás respostas da cidadanía a un cuestionario anónimo e que permitiu identificar os principais



eixos de intervención, naqueles ámbitos que son de competencia local así como nos obxectivos estratéxicos. As accións están ordenadas en 10 eixos: Xestión Municipal con Enfoque de Xénero; Economía e Emprego; Conciliación, Corresponsabilidade, Tempos e Coi-

dados; Empoderamento e Participación Social; Saúde, deporte, benestar e calidade de vida; Espazo urbano, vivenda e seguridade; Formación, Cultura e educación para a igualdade; Salceda en marcha contra a violencia de xénero; Igualdade no Medio Rural; Mocidade.

VII Encontro de Ranchos e Danzas

A música e a danza encheron as rúas de Salceda este 28 de decembro coa celebración do VII Encontro de Ranchos e Danzas Tradicionais organizado conxuntamente pola Asociación Cultural A Feira e o Concello de Salceda de Caselas.

Participaron seis agrupacións chegadas dende moi diferentes puntos da xeografía da península: o Rancho de Reis do Casco Vello de Vigo, o Entroido de Cobres (Vilaboa), o Grupo de danzas de Hoyocasero (Ávila), o canto de



reis do grupo O Serán (Salceda), e a anfitriona, a Asociación Cultural A Feira, que presentou o seu rancho de Reis, rancho de Entroido,

e o ranchiño, que acolle aos nenos e nenas que se preparan para formar parte dentro duns anos dos ranchos de Reis e Entroido.

Mapeo das traídas de augas



O Concello de Salceda rematou os traballos de mapeo, rexistro e xeolocalización das redes de abastecemento de auga das comunidades de usuarios de A Feira, A Picoña, Castro Barreiro, Pereiriñas e San Xurxo.

Estes traballos están financiados con cargo aos orzamentos municipais por un importe total

de 29.826,50€, e realízanse en colaboración coas diferentes traídas de augas. O proxecto permite que as comunidades de augas veciñais e o Concello dispoñan dun visor online, que pode consultarse desde calquera dispositivo para coñecer as infraestruturas de cada traída así como incorporar todos os cambios que poidan producirse.

Salceda preside a Asemblea da AECT Rio Minho

Alcaldesa Loli Castiñeira foi nomeada como Presidenta da Mesa da Asemblea da AECT Rio Minho. Este cargo reforza o compromiso de Salceda coa colaboración e desenvolvemento transfronteirizo.



**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 00
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

AXA

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

José Abraldes Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDAS.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Mero Iglesias, fillo adoptivo de Mesía

Por Manuel Pazos Gómez

Passará de dous anos cando un grupo de persoas da bisbarra de Ordes iniciamos o trámite ante o Concello de Mesía (A Coruña) para que o noso veciño e amigo Mero Iglesias recibise a mención honorífica de Fillo Adoptivo de Mesía, concello no que vive dende hai polo menos cincuenta anos.

E preguntáranse as lectoras e lectores cal foi o fundamento, a orixe desta proposta, pois certo é que Mero conserva unha voluminosa carpeta arrobada de premios, galardóns e recoñecementos, desde os outorgados por asociacións voluntarias do País até mencións de renome institucional.

Nesa carpeta faltaba o premio dos seus veciños, o premio dun Concello que toma como fillo a unha persoa allea de nacemento. E non pensen que un fillo adoptivo nace dun día para outro. Os promotores da idea: Beti Louro, Manuel Pazos, Luís Louro e Gumerindo Campaña traballamos arreo para que o Concello de Mesía aprobase un regulamento de honores. En canto esa norma entrou en vigor, pedimos formalmente a concesión, acompañando a solicitude unha completa memoria de méritos e uns cincocentos avais que respaldaron a proposta.

O Mero de Fuxan e A Quenlla converteuse no primeiro Fillo



Adoptivo de Mesía o día 2 de agosto de 2024. Uns meses máis tarde, o 14 de decembro, recibiu o diploma acreditativo nun salón de actos abarrotado por unha tribo de entusiastas do autor de palabras e músicas que nos falan de pasado, presente e futuro.

A veciñanza de Mesía e da bisbarra de Ordes tiña unha débeda con Mero; a el debémoslle a restauración da dignidade cultural e da sabedoría popular que configura a alma e o espírito desta Terra.

Non hai moitas décadas, o Mero mestre entregáballo a cada un dos seus alumnos unha poderosa máquina electrónica: unha gravadora coa que recoller a sabedoría tradicional do núcleo familiar... Os contos, coplas, cancións, ditos, refráns, oracións,

panxoliñas, cantares de cego... quedaban rexistrados para sempre nas cintas magnetofónicas... Mero recolleu a memoria dun pobo e só por iso xa debería ser merecedor deste honor.

Mais o poliédrico e transversal Mero (que dirían os estudosos) non se conforma con esa faceta de recopilar o saber do pobo... tamén desenvolve unha activa praxe de oratoria, de poesía, de ensaio... e solidariamente apoia a reivindicación da lingua, da Memoria Histórica, do ecoloxismo, da paz e da liberdade dos pobos sometidos e masacrados por outros máis poderosos.

Agardamos, con esperanza, que xurdan máis Meros en Mesía e no noso País; só deste xeito sabemos que a nosa Galiza ten vida e futuro.

As peaxes portuguesas, máis caras este 2025

A pesar do anuncio da eliminación do pago de peaxes en sete autovías, incluídos tramos da A-28, este 2025 trae novas subas nas peaxes entre Galicia e Portugal especialmente na A-3 que une Valença con Porto,

unha das principais vías de acceso dende Galicia.

Así viaxar de Vigo a Porto con saída na peaxe de Maia custará 9,95€, polos 9,75€ que costaba no 2024. Na A-3 de Vigo a Braga aumenta uns 10 céntimos pasando

a custar 7,45 ou 6,35€ dependendo do acceso Leste ou Oeste. De Vigo a Guimarães ou Barcelos o traxecto encarece 15 céntimos por trayecto, 30 no caso de ida e volta.

19 centros educativos seguirán co modelo PNO!



Un total de 19 centros educativos renovan este curso a súa participación do modelo de educación patrimonial Ponte... nas Ondas! (PNO!), recoñecido en 2022 pola UNESCO como exemplo de boas prácticas en materia de sensibilización co patrimonio cultural inmaterial na infancia e afianzar os lazos coa lusofonía e Portugal.

Estes centros son o IES de Catabois (Ferrol); IES Plurilingüe Fontexeria (Muros); o CPI Plurilingüe Antonio Faílde (Coles), o CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey (O

Pereiro de Aguiar); o CPI Virxe de Saleta (San Cristovo de Cea); o IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada); IES Plurilingüe Terra de Turonio (Gondomar); CEIP de Petelos (Mos); IES de Ponte Caldelas; IES do Barral (Ponteareas); IES Luís Seoane e IES Sánchez Cantón (Pontevedra); CEP Altamira e IES Pedras Rubias (Salceda); CEP Carlos Casares e IES Salvaterra de Miño; IES Indalecio Pérez Tizón (Tui); e o CEIP Plurilingüe Seis do Nadal e EEI Vila Laura (Vigo)

Vale do Lima, Região Europeia da Gastronomia

O Município de Ponte de Lima, situado no corazón do Vale do Lima, junta-se aos municípios de Viana do Castelo, Arcos de Valdevez e Ponte da Barca na distinción como Região Europeia da Gastronomia e Vinho 2025. A marca "Loureiro do Vale do Lima" consegue este recoñecimento que celebra a excelencia da gastronomía local e dos vinhos verdes, com destaque especial para a casta Loureiro, e visa promover o turismo enogas-



trónomico e a valorización do patrimonio cultural da região.

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA
Rosalia de Castro, 62 - Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGAD'EIRA
Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

Bodegón